

## XVI CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA 2019”

### **PRONUNCIAR O MEDO**

O vídeo leva apenas unha hora colgado na rede. Foi reproducido mil cincocentas veces. Ducias de *likes*, pero tamén algún polgar cara abaixo. A muller mira á cámara inqueda, como se deixase translucir a súa intención de fuxir antes de que remate a mensaxe. De principio a modulación da súa voz é cauta, case medorenta. Dúbida pero comeza a falar:

Hai moitas clases de medo. Tantas coma maneiras de experimentalo e maneiras de infundilo. Tantas coma mulleres que o contan. Tantas coma mulleres que o calan. Deseguido aperta os beizos nerviosa e de socate berra con toda a forza da súa caixa torácica: “**dillo**”, “**dillo a quen maltrata**”. Agora a súa voz soa segura, sostén o ollar fixo nun punto afastado e comeza a pronunciar o medo.

**Hai medos derrotados** que arrastan os pés e tropezan coas baldosas frías da cociña.( Esnafrar un cóbado. Romper un brazo ou mesmo unha perna.)

**Hai medos domésticos** afeitos ás rutinas.( Desprezos, humillacións.)

**Hai medos salvaxes** empenñados de borrallas.( Insultos, empurróns.)

**Hai medos en código morse** feitos de tatexos e verbas entrecortadas de súplica.( Censura do pensamento e da expresión.)

A enumeración segue o seu curso coma unha torrenteira arrastrando canto temor atopa o seu paso. Colle pulo, esquece un antes e baléirase por ter a posibilidade dun despois.

**Hai medos expectantes** como de gatiño a papar leite temeroso de que alguén lle quite a taza. (Pasar sen comer, sen cear.)

**Hai medos infames, cirúrxicos** que extirpan o fío fino da esperanza. (Cortes en partes do corpo non visibles, ameazas.)

**Hai medos con ífulas** que se alimentan nas barras dos bares co alento dos indiferentes. (Falta de apoio da sociedade e incompreensión.)

**Hai medos anicados** que dormen agochados no hórreo, no cuarto dos nenos co pecho por dentro. Medos que trousan a friaxe da noite toda. (Imposibilidade de conciliar o sono, desprotección dos fillos.)

**Hai medos que restrinxen** o perímetro de liberdade, o vermello dos beizos o longo das saias. (Control dos movementos e da vestimenta.)

**Hai medos espidos** nos que a pel delata as mans invasoras dos homes. (Cicatrices.)

**Hai medos mortos de medo**, que xibran cada vez que o teléfono pregunta Onde estás?. (Obsesión celos e control.)

Non hai cousa máis fácil que meter medo. Non ten mérito ningún. Ata eu pequena coma unha faba. Insignificante coma un garavanzo sei facelo. Ves o meu medo aquí agatuñándome pola gorxa para saír de min. Velo? Porque eu vexo o teu medo ao verme pronunciar o meu diante do mundo.